



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE ORTIGUEIRA EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL E EMERXENCIAS PARA COLABORAR NOS GASTOS DE ADQUISICIÓN DUNHA EMBARCACIÓN DE SALVAMENTO E RESCATE

Conforme o 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 136/2024, do 20 de maio, (DOG núm. 101, do 27 de maio), polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, establécese que a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, é o departamento encargado de xestionar as competencias que, en materia de protección civil, téñen atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 24 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo (DOG nº 62, do 29 de marzo de 2000), modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio (DOG nº 108, do 7 de xuño de 2004), polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a Xunta de Galicia poderá asinar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

Os artigos 5.3 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia, regulan que a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.

Antecedentes:

Entre os medios e recursos mobilizables pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, é conveniente contar con medios propios e alleos, sendo obxecto deste convenio a colaboración co Concello de Ortigueira en materia de emerxencias, entendendo esta como a actividade destinada a seguridade dos cidadáns e os seus bens, a través do interese na prevención e socorro así como na práctica individual e colectiva da autoprotección, como medidas primordiais para evitar riscos o cando menos minorar as consecuencias dos posibles accidentes.

O servizo de protección civil é un servizo esencial e de carácter excepcional na nosa comunidade xa que funciona as 24 horas do día os 365 días do ano. Ao ser imposible planificar todas as actuacións nas emerxencias, xa que ocorren a calquera hora e día do ano, estas non se poderían afrontar coa mesma garantía se non se tiveran en conta todos os medios existentes, especialmente aqueles de carácter especializado e máis próximo ao lugar onde se actualizan as emerxencias.

O Concello de Ortigueira quere reforzar o servizo de protección civil e emerxencias para prestar a atención debida ao seu territorio e poboación, precisando de medios básicos, entre os que



se atopa unha embarcación pneumática de salvamento e rescate. Dado que estas funcións son exercidas de forma exclusiva no concello por esta entidade non son, polo tanto, de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, de acordo co establecido no artigo 19.4 e 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia na Administración Pública Galega.

Finalidade:

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar un convenio que estableza as bases para a colaboración, en materia de emerxencias, entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e o Concello de Ortigueira, co fin de colaborar economicamente na compra dunha embarcación pneumática de salvamento e rescate.

Dado que estas funcións son exercidas polo citado concello non son, polo tanto, de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, de acordo co establecido no artigo 19.4 e 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia na Administración Pública Galega.

O convenio ten por obxecto establecer as bases para a colaboración, en materia de emerxencias, entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e o Concello de Ortigueira, co fin de colaborar economicamente na adquisición dun embarcación pneumática de salvamento e rescate para atención ás emerxencias.

A tales efectos colaborarase economicamente con esta entidade na adquisición do referido equipamento para a prestación do servizo de protección civil e emerxencias e salvamento en praias, e prestar colaboración aos concellos limítrofes, en determinadas situacións de emerxencias.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, colaborará no financiamento dos custos que xeren as actividades obxecto do presente convenio, con cargo á aplicación orzamentaria 35.06.212A.760.0 e código de proxecto 2013-00763 dos orzamentos do ano 2024, por un importe de **dezaseis mil cincocentos euros (16.500 €)** para adquisición dunha embarcación pneumática de salvamento e rescate para atención ás emerxencias

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o citado instrumento convencional fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, de 26 de febreiro de 2014, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto apli-





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES

caránselle os principios recollidos no citado texto, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse.

Santiago de Compostela

O director xeral de Emerxencias e Interior

Santiago Villanueva Álvarez

